



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléf.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

DECRETO.- Aprobación de Bases e Convocatoria para a selección, polo sistema de concurso-oposición, de persoal laboral temporal, ao abeiro do Programa de REFORZO DO EMPREGO 2024, dentro do PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, da Excm. Deputación Provincial de Lugo.-

SELECCIÓN DE UN/ UNHA AUXILIAR DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES EN FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE CARBALLEDO, ao abeiro do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO". Ano 2024. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de SEIS MESES.-

Vistas as Bases reguladoras do PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, publicadas no BOP de Lugo nº 006 do 8 de xaneiro de 2024.

Vista a solicitude de subvención presentada polo Concello de Carballedo ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, para o "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024".

Vista a Memoria do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024", remitida polo Concello de Carballedo á Excm. Deputación Provincial de Lugo, no marco do amentado Plan Deputación.

Vista a Memoria do "Programa de Reforzo do Emprego 2024".

Considerando a necesidade de proceder coa maior urxencia á aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de **Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo.** Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de SEIS MESES, para a cobertura inmediata do servizo.

Vistas as competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 21 de xuño de 2023, e vista a urxencia de levar a cabo este proceso selectivo, e ante a imposibilidade de esperar á seguinte Xunta de Goberno Local, sendo conveniente aprobar o expediente por avocación de competencias, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local, para o presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar as Bases segundo o anexo que se acompaña, así como a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de **Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo, ao abeiro do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO". Ano 2024.** Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de SEIS MESES.-

TERCEIRO.- Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria, e facilitar á Deputación de Lugo unha copia das bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional da Deputación de Lugo.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre."

En Carballedo, a 29 de xaneiro de 2025.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

O Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

info@concellocarballo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO.- BASES DA CONVOCATORIA:

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES.-"

BASES da convocatoria para a provisión, polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, de UN/UNHA AUXILIAR DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES EN FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE CARBALLO, ao abeiro do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO". ANO 2024. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de SEIS MESES.-

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de **Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballo**, para realizar os traballos que figuran descritos na Memoria descritiva das necesidades de contratación para o **"Programa de Reforzo do Emprego 2024"**, que foi remitida á Excm. Deputación de Lugo no marco do amentado **Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024**.

Réxime xurídico e Tipo de contrato: laboral temporal, por circunstancias da produción, a tempo completo, de 6 meses de duración.

Sistema selectivo: Concurso-oposición.

Tempo de contrato: SEIS (6) MESES.

Prazas: unha (1)

Titulación mínima: título de auxiliar de enfermería, título de auxiliar de clínica, título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria, certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio ou en institucións sociais, ou titulación equivalente ou superior.

Retribucións: segundo a Memoria do Programa de Reforzo do Emprego 2024.

Período de proba: Establécese un período de proba de dous (2) meses (art. 14 do E.T.).

Esta contratación temporal será a xornada completa, 40 horas semanais, relacionado coa duración do programa subvencionado, e segundo o previsto na Memoria Descritiva das necesidades de actuación do Programa de Reforzo do Emprego 2024.

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal por circunstancias da produción, por un período de SEIS MESES, a tempo completo (40 horas semanais, de luns a domingo, cos descansos legalmente establecidos), para a contratación de **Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballo**, Programa de REFORZO DO EMPREGO 2024.

O Programa de Reforzo do Emprego está destinado á contratación ou nomeamento de reforzo de efectivos para a implantación de novos servizos ou actividades de conformidade coa normativa aplicable.

O Concello de Carballo procedeu á apertura do Fogar Residencial e Centro de Día municipal en outubro de 2022, e dado o incremento paulatino de persoas usuarias do amentado Fogar Residencial e Centro de Día, resulta necesario reforzar o persoal de atención a maiores e dependentes de dito Centro, coa incorporación de 1 Auxiliar de atención a persoas maiores e dependentes.

Estas necesidades de reforzo de emprego afectan a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, e son necesarias para o benestar da veciñanza e, dando cumprimento ás distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

O Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballo necesita de máis persoal nesta categoría, polo que se considera esencial reforzar a plantilla municipal con **persoal para o Servizo de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial de titularidade municipal**.

Para o Concello de Carballo, é un servizo prioritario, ou sector esencial para poder proceder ás contratacións de laborais temporais que foran necesarias.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

SEGUNDA.- REQUISITOS MÍNIMOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia na que solicitan tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é de aplicación a libre circulación de traballadores neste sector.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
- Será requisito específico o seguinte: "a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello."**
- Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas neste Programa, os traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello de Carballedo.
- Titulación mínima necesaria:** título de auxiliar de enfermería, título de auxiliar de clínica, título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria, certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio ou en institucións sociais, ou titulación equivalente ou superior.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Carballedo presentará a correspondente oferta de emprego mediante a publicación de anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego.

PAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: As solicitudes para participar neste proceso selectivo formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Carballedo ou polas outras formas previstas na lexislación vixente, durante o prazo máximo de **TRES DÍAS HÁBILES, desde o 03/02/2025 ao 05/02/2025 ambos incluídos.**

As bases do proceso selectivo estarán a disposición dos aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Carballedo. A instancia acompañarase dos seguintes documentos:

- Copia compulsada do D.N.I.
- Copia compulsada do carné de conducir, en caso de dispoñer do mesmo.
- Copia da Tarxeta de demanda de emprego, ou de mellora de emprego, no seu caso.
- Copia da titulación mínima necesaria.
- Copia compulsada do Celga 2 ou equivalente ou superior, en caso de dispoñer do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer as funcións propias do posto a desenrolar, e de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Cada aspirante presentará **instancia (Anexo II)** no prazo sinalado, dirixida ao Tribunal Cualificador para a selección de **Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo**, PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024, na Oficina de Rexistro do Concello de Carballedo, **en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres**, acreditando os méritos sinalados que figuran no Anexo I. A Oficina de Rexistro do Concello selará e datará a Instancia, e entregarlle fotocopia da mesma ao interesado se así o solicita.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

En caso de presentar a instancia noutra rexistro distinto ao do Concello de Carballedo, o aspirante deberá enviar copia da **solicitud completa** ao correo electrónico adl@concellocarballedo.es, antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

A lista de persoas aspirantes presentadas, admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo máximo de dous días hábiles dende que remata o prazo de presentación de instancias.

A cualificación, levarase a cabo polo Tribunal Cualificador, e elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor da persoa aspirante que obtivera a maior puntuación total, aos efectos da súa contratación.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

En caso de empate entre as persoas aspirantes, para proceder ao desempate aplicaranse os criterios de selección establecidos no artigo 14.5. da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024, publicada no DOG núm. 17 de 24 de xaneiro de 2024, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Se algunha persoa aspirante inicialmente proposta renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal sería a favor das seguintes persoas con maior puntuación total.

FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.- Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

Segundo a puntuación sinalada no ANEXO I. CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

FASE DE OPOSICIÓN.-

Primeiro exercicio. Exame tipo test.- Puntuación máxima: 20 puntos.

Será obrigatorio, eliminatorio e anónima, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame o temario sinalado no **Anexo IV das presentes bases**.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 1 hora. Constará de 20 preguntas, con tres ou catro respostas alternativas, das que só unha é a correcta. Por cada pregunta na que se marque unha resposta errónea, minorará a puntuación en -0,25 puntos.

O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario acadar a puntuación mínima de 10 puntos para superar esta fase de oposición e non quedar excluído/a do procedemento de selección.

Segundo exercicio.- Proba de galego:

As persoas aspirantes á praza de referencia que non poidan acreditar un nivel de certificación da lingua galega equivalente ou superior ao **Celga 2**, deberán realizar unha proba de galego, que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, ou do galego para o castelán, a libre elección do Tribunal de Selección.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo, de 30 minutos.

A proba de galego realizada polas persoas aspirantes será cualificado como apto ou non apto polo Tribunal de Selección. A non superación deste exercicio será causa de exclusión do proceso selectivo.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeño, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

info@concellocarballo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O Tribunal Cualificador estará constituído da seguinte forma:

- **Presidente:** o Técnico local de emprego do Concello de Carballo, ou persoa en quen delegue.

- **Vogais:**

1º **vogal:** a Administrativa do Concello de Carballo.

Suplente 1º vogal: outro persoal laboral do Concello de Carballo.

2º **vogal:** a Orientadora Laboral do Concello de Carballo.

Suplente 2º vogal: outro persoal laboral do Concello de Carballo.

3º **vogal:** a Representante sindical dos traballadores do Concello de Carballo.

Suplente 3º vogal : outro persoal laboral do Concello de Carballo.

- **Secretario:** O funcionario encargado de obras e servizos do Concello de Carballo, ou persoa en quen delegue.

O Tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

Seralle de aplicación ao tribunal o previsto na lexislación vixente, en canto as causas de abstención e recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de un día hábil, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, e terá lugar unicamente entre as persoas aspirantes que presentaran a correspondente instancia en prazo e a documentación que a acompaña.

O día da selección as persoas aspirantes comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia. Nese mesmo acto, procederase á entrevista persoal e a valoración polo Tribunal dos méritos aportados polos/as candidatos/as.

QUINTA.- FORMALIZACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.-

Rematado o proceso selectivo, o Sr. Alcalde resolverá o proceso aprobando a Acta do Tribunal de Selección, e se formalizará o correspondente contrato de traballo, laboral temporal a tempo completo, por circunstancias da produción, cunha duración máxima de 6 MESES.

SEXTA.- INCIDENCIAS.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA .- DEREITO SUPLETORIO.

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

OITAVA.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na lexislación vixente."





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adi@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO I.- CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

-A) Entrevista persoal, (puntuación máxima: 6,00 puntos) na que se valorarán as aptitudes e actitudes necesarias para posto de traballo a desenvolver e para as funcións inherentes ao mesmo. As/os aspirantes deberán responder oralmente a varias preguntas formuladas polo tribunal sobre cuestións básicas e prácticas relacionadas co posto a desenvolver.

-B) Formación: (puntuación máxima : 4,00 puntos).-

- Carné de conducir B: **1 punto.**
- CELGA 3, ou superior: **1 punto.**
- Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas tarefas a desenvolver, homologados e recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades:
 - De 10 a 50 horas: 0,50 por cada curso.
 - De 51 a 100 horas: 1 punto por cada curso.
 - De máis de 100 horas: 1,5 puntos por cada curso.
- Outros cursos: 0,25 cada curso, ata un máximo de 1 punto.

Os méritos do apartado B), acredítanse con copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.-

D./D^a. , con DNI
e domicilio a efectos de notificacións en:

CP. Localidade

Teléfono / móbil: /

E-mail

EXPOÑO:

I.- Que teño coñecemento da convocatoria e bases para a selección de **Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo** (PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024) como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Carballedo.

II.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Copia compulsada do D.N.I.
- Copia compulsada do carné de conducir, en caso de dispoñer do mesmo.
- Copia da Tarxeta de demanda de emprego, ou de mellora de emprego, no seu caso.
- Copia da titulación mínima necesaria.
- Copia compulsada do Celga 2 ou equivalente ou superior, en caso de dispoñer do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer as funcións propias do posto a desenrolar, e de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

-
-
-
-
-
-

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achega).

AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN. Posto: Un/Unha Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo, (Programa de REFORZO DO EMPREGO 2024).





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléf.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO III. - DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D./D^a. con D.N.I.,

declaro baixo a miña exclusiva responsabilidade que na actualidade teño a **capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais** na ocupación de **Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo**, e tamén declaro non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Declaro baixo a miña responsabilidade que **na actualidade estou anotado nos servizos públicos de emprego, e teño vixente a Tarxeta de demanda de emprego, figurando como desempleado ou en situación de mellora de emprego.**

Tamén manifesto que **non teño expediente disciplinario**, nin fun despedido por causas disciplinarias por unha Administración Pública, e tamén que non incorro en incompatibilidade, nin teño sido separado ou inhabilitado de empregos ou cargos en ningunha Administración Pública.

En Carballedo, a.....de.....de 2025.

Sinatura,





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfons.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2024 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO IV. - TEMARIO PARA A FASE DE OPOSICIÓN.

Posto: Auxiliar de Atención a Persoas Maiores e Dependentes en Fogar Residencial e Centro de Día do Concello de Carballedo.-

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.- A Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.- O municipio de Carballedo. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.
- Tema 4.- Cuestións básicas e prácticas do posto a desempeñar.
- Tema 5.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas na ocupación.
- Tema 6.- Mantemento de materiais, útiles e ferramentas utilizadas no posto de traballo.
- Tema 7.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde. Normativa básica.
- Tema 8.- Equipos de protección individual.
- Tema 9.- Prevención de riscos laborais.
- Tema 10.- Funcións e tarefas a realizar, propias da ocupación.”.

